

AS MULLERES NA OBRA DE SARMIENTO (1695-1772): SABIAS E RACIONAIS.

UN SABIO DAS LUCES

Frei Martín Sarmiento foi un monxe bieito, erudito ilustrado orixinal que, ademais das súas aportacións no terreo filolóxico e das ciencias humanas e sociais, introduciu a ciencia newtoniana no panorama hispano do século das Luces e, de maneira excepcional, sostivo a igualdade das mulleres na racionalidade e apreciou os seus saberes, considerándoas precursoras de moitos adiantos científico-técnicos xunto ós pobos indios de América e á ciencia oriental, nun momento álxido de eurocentrismo. Asumirá tamén, de maneira eminente, a defensa da lingua galega na comunicación, no ensino e na escrita.

Por se estas últimas características, ben raras nun científico ilustrado, non abondaran, Sarmiento oporase á pena de morte, ó reclutamento forzoso de mozos e ás guerras, proponendo, pola contra, o adiantamento nas ciencias, nas técnicas, na educación e na agricultura na sociedade española e galega. Precisamente, o amor a Galicia será nel unha constante sobranceira que estará presente na súa correspondencia, erudita e persoal, así como en todos e cada un dos informes que redacta para poderosos ilustrados sobre mellora dos camiños, construción de faros ou investigacións metalúrxicas e botánicas.

Este sabio, á maneira do século XVIII, que escribiu sobre lingüística, historia natural, química, física, matemáticas, agricultura, arquitectura, astronomía, dereito, política, xeografía, medicina, socioloxía e un longo etcétera, enfrontouse á ciencia e á filosofía do seu tempo, na defensa da igualdade das mulleres, como antes fixeran o filósofo cartesiano Poulain de la Barre e o Padre Feijoo.

Malia ser consultor de Felipe V e de Fernando VI, amigo de xentes poderosas que o admiraban e correspondente de importantísimos científicos europeos, o ilustre bieito xamais quixo honores relixiosos, académicos nin cortesanos, negándose mesmo a escribir nas Actas das Academias europeas ou a ser membro das institucións ilustradas, malia as múltiples invitacións que recibe, publicando, unicamente, á maior honra e gloria de Feijoo a quen considera “maestro y señor”. Cando non lle queda máis remedio, acepta nomeamentos como o de Cronista de Indias ou o de Abade do mosteiro de Ripoll, pero procura deixalos con celeridade. Todo parece indicar que frei Martín Sarmiento é feliz con saber quen é e o que quere ser.

É ben coñecido o dato do seu nacemento en Villafranca del Bierzo, o 9 de marzo de 1695, onde a súa familia, de raíces galegas, se trasladara por mor do traballo do pai, requirido para dirixir obras da casa de Medina-Sidonia. Foi bautizado co nome de Pedro José, sendo fillo de Alonso García de Seraxe e de María Gosende Lorenzo e Balboa. Ós catro meses do seu nacemento, a familia instalárase en Pontevedra, cidade na que transcorre a infancia e a adolescencia de quen tomará o nome de frei Martín Sarmiento, cando profese no mosteiro beneditino de San Martín de Madrid en 1711. Este período da súa vida quedará gravado nel para sempre, de tal maneira que o amor a Galicia e a Pontevedra, “a boa vila”, será un eixe fundamental da súa obra, intereses e accións.

Realiza estudos en diversos mosteiros, traballando en arquivos e bibliotecas, ademais de ler todo o que se ofrece á súa erudita e insaciable curiosidade na librería do propio mosteiro de San Martín, tal como el mesmo indicará dicindo que “enredé y repasé todos sus libros que pican en diez mil volúmenes”. En 1714 comeza os seus labores filolóxicos e a súa afección polas *novas ciencias*, é dicir, aquelas disciplinas que no século XVIII se consideraban incluídas na *filosofía moderna* ou *filosofía natural*, conceptos herdados das ciencias cartesiana e newtoniana do século anterior.

O frade bieito exercerá o maxisterio no período 1720-1725 no mosteiro de Celorio [Asturias], onde Feijoo foi profesor de Teoloxía entre 1721 e 1723. Desa época data, con toda probabilidade, a amizade e colaboración entrambos, da que nos ocuparemos de seguida.

En 1725 visita Galicia por primeira vez desde a súa profesión como beneditino, onde permanecerá desde xuño ata o outubro do mesmo ano, observando a natureza da súa terra e anotando datos da máis variada índole dos lugares polos que pasa, regresando a Madrid o 27 de outubro.

Traballa no Arquivo da Catedral de Toledo durante o ano 1726, repasando Códices e recomendando a traducción de moitos deles, do século XIV, que considera tesouros de erudición, indicando que nese tempo existían moitas mulleres eruditas. Esta defensa e recoñecemento dos saberes das mulleres e da súa igualdade na racionalidade será unha das constantes do seu pensamento.

Asesora a Felipe V e a Fernando VI, escribindo multitude de “Pliegos” eruditos. A partir de 1728, malia o seu retiro, seguramente por indicación de Feijoo e dos seus amigos ilustrados, comeza a recibir peticións de “dictámenes” sobre os máis variados temas, que o inducen a ampliar, cada vez máis, o campo dos seus coñecementos.

Desde ese mesmo ano corríxe e forma índices da obra de Feijoo, do que é censor por orde superior a instancias do seu mestre, que o autoriza a corrixir o que considere oportuno dos seus “pliegos”. Asumida esta nova función, Sarmiento dictamina que non hai nada en contra de que se publique o *Theatro Crítico Universal*, que levantará apaixonadas polémicas e controversias, como produto dos ataques dos aristotélico-escolásticos que ostentaban o poder na meirande parte das universidades e institucións daquel tempo, opostos á introducción das *novas ciencias*. Nesa obra, o catedrático de Oviedo, nada dado a eloxios inmerecidos, di do seu discípulo:

Mi religión tiene un sujeto que, en la edad de 35 años, es un milagro de erudición en todo género de letras divinas y humanas. En cualquier materia que se toque, da tan prontas, tan individualizadas las noticias, que no parece que se oyen de su boca, sino que se leen de los mismos autores de dónde las bebió. Es de tan feliz memoria como de ágil y penetrante discurso; por lo que las muchas especies que vierte a todos los asuntos, salen apuradas con una sutil y juiciosa crítica. En sujeto tan admirable sólo se reconoce un defecto; y es, que peca de nimia o muy delicada modestia. Es tan enemigo de que le aplaudan que huye de que le conozcan. De aquí y de su grande amor al retiro de su estudio, pende que, asistiendo en un Gran Teatro, es tan ignorado como si viviese en un desierto. Bien veo que el lector querría conocer a un sujeto de tan peregrinas prendas; pero no me atrevo a nombrarle porque sé que es ofenderle.

No ano 1732, frei Martín publica a *Demonstración Crítico-Apologetica* en defensa do *Theatro Crítico* de Feijoo e, consecuentemente, das novas ciencias, combatendo o galenismo e o aristotelismo dominantes na ciencia oficial. Será a única obra que publique, negándose en adiante a que ningún dos seus escritos, agás algunhas obríñas menores, pase pola imprenta. Precisamente, na *Demonstración* pódense apreciar as súas primeiras achegas ó recoñecemento da racionalidade e sabedoría das mulleres, que a ciencia oficial rexeitaba.

A Orde Benedictina celebra Capítulo Xeral en Valladolid en 1745 e alí vai Sarmiento, para trasladarse de seguida a Galicia a “divertirse”, segundo as súas propias palabras, permanecendo na súa amada terra ata febreiro de 1746, levando consigo un caderno, á maneira dos naturalistas da época, no que anota os lugares polos que pasa, as inscricións que atopa, os vexetais cos seus nomes galegos e os dos froitos e froitas, os nomes de peixes, cunchas e mariscos, aves e animais. Anota, así mesmo, todas as voces galegas que recolle en Pontevedra e no resto de Galicia, adquirindo unha enorme afección pola historia natural, a botánica e a lingua galega, que xa non o abandonará. Na súa peregrinaxe naturalista pregunta a “rústicos”, “viejas” y “mugeres” sobre os nomes galegos e os usos medicinais das plantas do país e, en xeral, de todos os “mixtos”

[formas da natureza] que “Dios ha criado en Galicia”. Producto desta viaxe serán, entre outros escritos, os seus *Pensamientos Crítico-Botánicos* e os *Onomásticos*.

Nos anos seguintes, ademais do tempo dedicado ó estudio, a contestar cartas e a redactar informes e proposicións, embarcarase na tarefa de redactar a monumental *Obra de 660 Pliegos*, que consta de dúas mil setecentas corenta e oito páxinas, compendio de erudición que escribe sen abandonar outros estudos e escritos lingüístico-etimolóxicos, matemáticos, de física experimental ou sobre a educación da mocidade, outra das súas grandes preocupacións. En 1750 comeza a rexistrar os libros da súa biblioteca particular no *Catálogo de Autores que... tengo ad usum*, no que constarán uns 7.500 volumes, cifra e contidos importantísimos para aquel tempo. É nomeado Cronista General de Indias, sendo a última persoa que exerceu o cargo, tal como indicaba o profesor Filgueira, gran estudioso da súa obra, subliñando que “a designación para o cobizado posto estaba xustificada non só pola fama de universal sabedoría do beneditino, senón polo seu interese na temática americana [...] Sen coñecelas directamente manexaba verbo delas unha información bibliográfica que ningún dos seus inmediatos antecesores posuía”. De certo, Sarmiento nunca puido visitar aqueles afastados países, pero atesoura unha enorme cantidade de libros de viaxes, que devora avidamente, indicando que, ás veces, é como pasear polos seus montes estando sentado na cela de San Martín.

En 1754 visitará Galicia por última vez, percorrendo practicamente toda a súa xeografía, demorándose ata o 27 de novembro de 1756. Nesta ocasión, a súa paixón científica é a Historia Natural, e desa viaxe xurdirán estudos crítico-botánicos como *Sobre el vegetable llamado Seyxebra*, admirable resumo do seu pensamento botánico-químico e da súa metodoloxía analítica de traballo de campo e de investigación. Cando volve a Madrid, faino cargado con “todos los mixtos [formas] de la Historia Natural”, que almacenará na súa cela, repartirá co seu amigo Quer, director do Xardín Botánico de Madrid, ou enviará a destacados científicos europeos para que realicen análises, efectuando tamén experimentos na medida das súas posibilidades.

É preconizado Abade do Mosteiro de Ripoll en 1755, nomeamento no que sen dúbida tivo que ver o seu amigo don Pedro Gómez de Alcántara, Duque de Medina-Sidonia, polo que se deduce da correspondencia conservada, na que Sarmiento se queixa de que tal xestión se fixese sen consultarlle, sabendo o Duque que el era inimigo de cargos e que só quería dedicarse ó estudio e a Deus. A aceptación do cargo libera ó monxe do de Cronista de Indias, pero como queira que a noticia lle chega estando en

Galicia, demora o que pode a súa incorporación, renunciando ó cargo en marzo de 1756, retornando a Madrid, con grande alivio, como escribe o propio frei Martín, quen afirma que “me embarazó mucho y presto me sacudí de ella [da Abadía]”.

De volta a Madrid, Sarmiento traballa nunha inmensa cela-gabinete-laboratorio, na que almacena sete mil cincocentos volumes, segundo consta no *Catálogo* da súa biblioteca particular, manuscrito do seu puño e letra. Nela vai depositando mixtos da Historia Natural, experimenta cando os seus medios e coñecementos llo permiten, dispendo de diversos instrumentos científicos tales como un telescopio de reflexión, un microscopio de cinco lentes [regalo de Feijoo], un estoxo matemático, un astrolabio e dúas balanzas, segundo consta no inventario que o propio frei Martín redacta para o Abade de San Martín no ano 1772, seguramente presentindo a súa morte. Ademais, recibe a un grupo de selectos ilustrados e poderosos amigos, constituíndo unha sorte de academia erudita, entre os que cabe citar algúns como o Conde de Aranda, o Duque de Medina-Sidonia, Armona, Campomanes, o Padre Rábago [confesor do Rei] ou Quer. Tamén recibe a galegos, eruditos ou “rústicos”, extremo que consta nos seus escritos, ós discípulos de Linneo, ós fillos do Embaixador de Suecia e ó seu preceptor, etc. Con eles conversa polas tardes, xa que as mañás as emprega en escribir cartas, dictames e as súas propias creacións, segundo explica na correspondencia co Duque de Medina-Sidonia.

Frei Martín Sarmiento gustaría de dedicarse ó estudio na soidade da súa cela, xa que pola súa condición de monxe non pode viaxar por Galicia a cotío como desexaría, pero a actividade que desenvolve, como consultor e estudioso, é febril, chegando a confesarlle ó Duque de Medina-Sidonia que, ás veces, sofre problemas de saúde por terse dado "un hartazgo de estudiar y escribir". No ano 1758, despois de recibir múltiples presións de amigos para que imprima e de inimigos que o censuran, “apestado por los moscones que me censuraban porque no salía de casa y porque no imprimía mis escritos escribí diez pliegos con el título *Porque sí y porque no del P. Sarmiento*”, nos que con gran ironía pero con forte convicción de obrar como debe, Sarmiento explica algunhas das razóns que o levan a non publicar os seus escritos, entre as que non será unha causa menor a presenza do Tribunal da Inquisición, do que é censor de maneira paradoxal.

Desde a súa volta de Galicia ata pouco antes da súa morte escribe e estudia incansablemente. Froito destes anos son, entre outros moitos pregos, a monumental *Obra de 660 Pliegos*, inacabada, os *Onomásticos* e *La Educación de la Juventud*.

Comeza este último escrito ós setenta e catro anos, cando xa a súa saúde comezaba a resentirse.

O 7 de decembro de 1772, despois de tres anos de ir quedando sen forzas, paseniñamente, sen querer recorrer a médicos nin boticarios, tal como preconizou sempre, morreu no mosteiro de San Martín de Madrid, onde foi soterrado celebrándose exequias ben solemnes. Cando a igrexa se derrubou no ano 1809, as súas cinzas e as de Jorge Juan foron trasladadas á “Casa de la Villa”, e pasaron en 1813 á nova igrexa de San Martín pero, da mesma maneira que acontece cunha parte da súa obra, todas as xestións feitas ata hoxe para recuperar os restos de frei Martín Sarmiento foron infructuosas.

O Duque de Medina-Sidonia ordenou a copia das obras do frade en 1772, existindo tamén outras dúas coleccións manuscritas e documentos diversos en institucións como a Biblioteca Nacional, a Real Academia de la Historia, o Museo de Pontevedra, a Universidade de Santiago ou o mosteiro de Silos. Pero, moitos dos seus escritos eruditos e a meirande parte da súa correspondencia, con Feijoo e con científicos europeos, perdéronse irremisiblemente.

XÉNERO E CIENCIA NA ILUSTRACIÓN

Coa finalidade de interpretar o pensamento de frei Martín Sarmiento respecto das interrelacións entre xénero e ciencia, utilizaranse os estudos realizados nas últimas décadas, que axudarán a situar as súas ideas e os posibles antecedentes delas no chamado Século das Luces.

Non estará de máis lembrar aquí que os *Estudios Sociais da Ciencia*, sobre todo desde os anos 60, asumiron a tarefa de situar o seu desenvolvemento no contexto social e político, poñendo de manifesto que aquela visión que a presentaba como algo absolutamente autónomo e progresivo, que se achegaba cada vez máis a unha descrición da realidade, "tal como é", completa e precisa, que estaba libre de todo condicionamento, sendo, por tanto, neutral e obxectiva, era unha quimera. Obras como as de Thomas Khun ou Stephen Toulmin, por citar autores ben coñecidos, tiveron un gran impacto para a historia e a socioloxía da ciencia e, consecuentemente, para a propia actividade científica e a comprensión da relación entre ciencia e sociedade.

Como consecuencia dos devanditos estudos, a idea positivista de que só a lóxica interna dunha ciencia é a que determina a elección dunha teoría mellor, veuse corrixida no sentido de que existen outros factores que van máis aló da evidencia empírica e da necesidade teórica pois, ó ser a ciencia unha construción humana, non é allea a influencias sociais e tamén persoais. Xa que logo, a ciencia non é unicamente un esforzo cognitivo, sen que tal afirmación queira dicir que esta é a expresión de intereses especiais, en exclusiva, sen que interveñan elementos racionais na súa construción.

Respecto desta cuestión, Evelyn Fox Keller (1991), destacada biofísica-matemática do Instituto Tecnolóxico de Massachussets, unha das representantes máis xenuínas dos *Estudios sobre Ciencia e Xénero*, afirma:

Calquer crítica efectiva da ciencia precisa ter debidamente en conta os innegables éxitos desta, así como os compromisos que os fixeron posibles. Ben é certo que hai persoas que tenden a sentirse arrastradas pola ciencia polo seu desexo [...] ou pola promesa dunha comunión cuasi relixiosa, tamén se senten arrastradas por outra ambición, igualmente persoal anque quizais máis universal, como pode ser a procura dun coñecemento do mundo fiable e que se poida compartir. Este compromiso compartido por científicas e científicos acerca de acadar un coñecemento fiable da natureza, e sobre a súa dependencia da reprodución experimental e da coherencia lóxica, é un prerequisite indispensable para a eficacia de calquer aventura científica. Pero tamén hai que entender cómo se alimentan e elaboran ou, ás veces, se perturban estes compromisos conscentes polos condicionamentos sociais, políticos e emocionais máis comúns de individuos e grupos particulares, de maneira consciente ou inconsciente.

Pois ben, os *Estudios de Xénero*, que comezaron na década dos 70 do século que vén de rematar, abordaron a crítica ás disciplinas tradicionais nos campos das humanidades e das ciencias sociais, tentando remediar a ausencia das mulleres na historia do pensamento social e político, nun principio, para, posteriormente, rescatar o seu papel de suxeitos da historia. Na década dos 80, os citados estudos comezaron a dirixir a súa atención ás ciencias experimentais.

Desde os anos 90, moitas investigacións se ocupan destes estudos nunha liña que pode ser enormemente productiva, cal é a de buscar os puntos de unión entre os estudos sociais e os de xénero, desde dentro das comunidades científicas, para tender unha ponte coas críticas á ciencia desde fóra desas comunidades, é dicir, unha ponte entre o discurso "externalista" e o discurso "internalista". Desta maneira, discútese aspectos androcéntricos presentes na construción e produción de ciencia en todos os tempos, a presenza de mulleres nela ou as perspectivas de futuro do que podería ser unha nova

ciencia libre de negos, ou conscente deles, ó servico da humanidade. Tal será a perspectiva da análise que se realizará nas páxinas seguintes.

Retornando a frei Martín, existe na súa obra unha defensa explícita das mulleres, no sentido da súa capacidade intelectual, de maneira semellante ó que fixera o P. Feijoo ou o filósofo cartesiano Poulain de la Barre, que publicou en 1673 unha obra titulada *De l'Egalité des deux sexes. Discours physique et moral ou l'on voit l'importance de se défaire des prejugsés* e, en 1674, *Traité de l'Education des Dames, pour la conduite de l'esprit dans les sciences et dans les moeurs*, programa pedagóxico que, segundo a opinión de Celia Amorós (1993), podería ser o "referente polémico silenciado da educación de Sofía que se propón no *Emilio*" de Rousseau, obra que, pola contra, reviste tintes de clara misoxinia.

Cumpre salientar que a defensa das mulleres que frei Martín asume é dunha modernidade ben estimable no Século das Luces, compartida só por un pequeno grupo de homes ilustrados, españoles e europeos, e por un conxunto de mulleres, de clase alta, con acceso á instrucción, coñecidas como as *salonières* ou, no caso de España, por damas eruditas como dona Josefa de Amar y Borbón e por aquelas outras que, contra finais de século, conseguiron entrar nas Sociedades Económicas de Amigos do País en Galicia e no resto de España.

Pódese verificar que o discurso de Sarmiento non é só retórico, xa que se plasmará na preocupación polo benestar das mulleres que, se ben estaría enmarcado no pensamento ilustrado xeral, avanta a este no recoñecemento das eruditas de todos os tempos e, sobre todo, no aprezo dos traballos das mulleres e da súa sabedoría no eido da medicina popular, que levará ó beneditino a defender e a consultar ás bruxas-sandadoras. Faise preciso, por tanto, inserir este pensamento nas polémicas dese tempo pasado e complexo.

Luces e sombras

Parece que a Ilustración non iluminou a todos os sectores marxidados da mesma maneira e que as mulleres foron un dos que permaneceu nas sombras, malia que algunhas, de posición elevada, participaron no movemento intelectual europeo, chegando a ser naturalistas, humanistas, científicas e filósofas, como **Madame du Châtelet**, **Laura Bassi**, **Madame Lepaute**, **María Gaetana Agnesi** e moitas outras.

Pero aínda así, a meirande parte das mulleres eruditas víase na obriga de abandonar as súas afeccións cando xurdía o conflito ó non poder compaxinar unha vida dedicada ó estudio co seu papel de esposas e nais. As posibilidades de que publicasen senseudónimo masculino eran practicamente inexistentes e, se o facían co seu nome, tiñan que arrostrar as burlas e o baleiro dos seus contemporáneos e de moitas mulleres non instruídas. Con todo, existiron máis mulleres eruditas das que a Historia da Ciencia recoñeceu, ata que os estudos sobre ciencia e xénero as fixeron visibles, como se pode comprobar en múltiples obras actuais e, mesmo, nos escritos de sarmentianos. Respecto ó pensamento ilustrado, Cristina Molina (1991) sinala que :

A Ilustración non cumpliu as súas promesas no referente á muller, quedando o feminino como aquel reducto que as Luces non souberon ou non quixeron iluminar, abandonando, por tanto, á metade da especie [humana] naquel ángulo sombrío da *paixón*, a *natureza* ou o *privado*.

En efecto, os pensadores ilustrados avogaban polos dereitos dos cidadáns, dos escravos, indios e nenos, pero raramente o facían polos das mulleres. Pola contra, a costa da súa propia lóxica e racionalidade, continuaban afirmando, segundo as máis ancentrais tradicións, que aquelas eran inferiores na razón e na ética, mantendo a súa subordinación e o antigo ideal de muller calada, obediente, sumisa, modesta e casta. Múltiples exemplos do que vimos de dicir pódense apreciar nas obras dos pensadores máis influentes no século XVIII, desde Rousseau, Locke ou Hume, ata Kant, por citar algúns dos máis relevantes. O propio Voltaire, tan crítico coas institucións escribirá ben pouco sobre a educación das mulleres, mantendo unha actitude ambigua, sen caer na misoxinia imperante, en parte, tal vez, pola súa relación coa erudita M^{de} du Châtelet.

Sen embargo, de forma paradoxal, como acontece case sempre que se fala do pensamento ilustrado, o século das Luces será un terreo propicio para a polémica verbo desa metade deostada da humanidade. Contra finais de século aparecerán os *Dereitos da muller e da cidadá* de Olympe de Gouges, que morrerá vítima dos excesos da Revolución Francesa; os *Cadernos de queixas das mulleres*; o intento de plasmación da igualdade de dereitos en proxectos lexislativos e educativos; escritos como os da inglesa Mary Wollstoncraft coa súa *Vindicación dos dereitos da muller (1791)*, os do francés Condorcet, que se examinarán de seguida; os do alemán Theodor von Hippel, *Sobre o avance cívico das mulleres (1792)* ou os da española Josefa Amar y Borbón, referentes á educación feminina, por citar algúns dos máis relevantes. Pódese observar, xa, que todos estes manifestos foron posteriores á morte de frei Martín Sarmiento.

A maioría dos escritos e iniciativas a favor das mulleres provocaron fortísimas polémicas e indignación, pero aínda que o século XIX suporá un retroceso nas conquistas acadadas, a loita pola igualdade da metade da poboación rexurdirá á calor das reivindicacións antiescravistas, que xa apareceran na Ilustración, Nada caeu no baleiro.

Antecedentes polémicos: a *Querelle des femmes*

Os supostos tradicionais, sustentados pola Ciencia, sobre a inferioridade da natureza feminina e a necesidade de controlar e subordinar ás mulleres, foron a base das *Querelles des femmes*. Coñécese como tal un debate sobre a valía das mulleres, no que participaron os máis diversos eruditos, durante uns 300 anos, desde primeiros do século XV ata, máis ou menos, a metade do século XVII, aínda que os debates continuaron no XVIII, no XIX e no XX, baixo diferentes supostos. Pero, contrariamente ó que acontecera nos séculos anteriores, nos que eran os homes, case en exclusiva, os que discutían sobre a natureza da muller, a partir do século XV, as mulleres comezaron a participar no debate, tentando refutar os argumentos dos eruditos. Obviamente, as mulleres que participaron na *Querelle* eran cultas, e a súa propia experiencia probaba que, igual que os homes, tiñan mentes racionais e podían beneficiarse do que se consideraba unha educación "masculina".

Sería longo e tedioso enumerar os argumentos misóxinos, que as mulleres tiveron que refutar, pero algúns eran recorrentes, destacando a súa maldade intrínseca e a asociación con todos os vicios, sobre todo a súa "natureza insaciable e luxuriosa", máis difícil de satisfacer "que secar os océanos". A maioría dos homes eruditos dos séculos XVII e XVIII falaban en nome da nova ciencia, pero as súas argumentacións, pretendidamente científicas, estaban baseadas nas vellas ideas misóxinas, restaurando antigos supostos en nome dunha investigación "obxectiva e "racional": a innata superioridade dos varóns e a xustificable subordinación das mulleres.

Frei Martín Sarmiento farase eco desta polémica, posicionándose a favor da igualdade intelectual de mulleres e de homes, citando no seu apoio a eruditas, tales como **Anna Maria von Schurman** ou **Lucrezia Marinella**, pero tamén valorando o traballo e as aportacións das mulleres ó longo da historia, do que será un exemplo constante a actividade das bruxas-sandadoras, así como preocupándose polo benestar do sexo feminino e polas repercusións concretas que, para as "mugeres", ían ter a instalación de "fábricas" e outros eventos históricos. Poderíase dicir que, de modo

sorprendente, o erudito galego utiliza o xénero como categoría de análise de maneira semellante, salvando moitas diferencias, ós modernos estudos sobre ciencia e xénero que, ó tentar elaborar unha historia dos coñecementos construídos a través do tempo, se moven en dúas direccións, a saber, o estudo dos saberes elaborados segundo a ciencia oficial, e o dos saberes codificados noutras linguaxes, como a alquimia ou os coñecementos das sandadoras.

Rastrexando os nomes das mulleres eruditas citadas por frei Martín, en apoio das súas teses, a primeira delas é **Anna Maria van Schurmman**, que foi unha erudita holandesa do século XVII (Utrecht, 1607-1678), amiga de Descartes, que defendía a educación científica feminina. As súas obras publicáronse en Leyden en 1641. Chegou a ter discípulas, que prepararon programas de estudos científicos para as mulleres, pero foron rexeitados polo bispo Burnet, malia que a defensa deses estudos se facía con argumentos como o seguinte:

Cualquier cosa que perfeccione y adorne el conocimiento humano es apropiada para una mujer cristiana. Cualquier cosa que llene la mente humana con inusual y honesto deleite es apropiada para una mujer cristiana.

Sarmiento posúe escritos da erudita holandesa, tal como se pode comprobar no *Catálogo de Autores* da súa biblioteca, no que se cita no apartado "Miscelaneos" da seguinte maneira:

"Schurman (Madame Ana) *Opuscula, Latin, Griego, y Hebreo. Trajecti 1692*".

Dela, entre outras cousas, dirá o beneditino:

La Erudita Madama Ana Schurman, siendo Niña, solo de oír lo que del Latin se enseñaba á sus hermanitos al tiempo de dar estos la leccion, y responder á varias preguntas, ella respondía mejor, que ellos, sin haber estudiado nada de Memoria.¹

Lucrecia Marinella, a outra erudita citada, do século XVII, era veneciana e publicou un tratado titulado *La nobleza y excelencia de las mujeres con los defectos y deficiencias de los hombres*, en contestación a outro titulado, *Los defectos de las mujeres*. Marinella esperaba "espertar ás mulleres do seu longo soño de opresión". Valoraba as actividades "femininas" e opinaba que a función do seu sexo non era

¹ SARMIENTO, FR. MARTÍN, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema de Botánica y una Historia de sus Vegetables en menos de tres años*, fol. 17.

"agradar ós homes, senón comprender, gobernar, procrear e dotar ó mundo de gracia", tal como indican Bonnie Anderson e Judith Zinsser (1991).

En calquer caso, a educación era peza chave no pensamento e na argumentación das persoas que tentaron defender ás mulleres nas *Querelles des femmes*. As polemizantes gababan os praceres do estudio, declarándose partidarias do desenvolvemento do intelecto feminino. **Christine da Pizzano**, a primeira muller da que se ten constancia de que participase neste debate, afirmaba nos seus escritos que as condenas dos homes eran "arbitrarias ideas fabricadas", "tonterías", "insultos malvados", refutando cada unha das acusacións, que tradicionalmente se lle facían ás mulleres, no seu libro *A cidade das damas*, publicado en 1405.

No século XVII, **María de Zayas** (1590-1661) asegurará que as mulleres e os varóns son iguais porque teñen alma, e a verdadeira razón para que aquelas non fosen cultas era a falta de oportunidades, non a falta de capacidade.

Pero os alegatos das mulleres e dalgúns homes tiveron pouco impacto nas ideas dominantes, tanto no eido social como no científico, afirmándose a innata inferioridade das mulleres desde os estudos de fisioloxía e anatomía, perpetuando a idea da súa irracionalidade e da necesidade de aceptar un papel subordinado ó varón, entre outras cousas, pola súa propensión á enfermidade e á loucura.

As opinións ilustradas

Ó propio tempo que a nova ciencia, co seu pensamento bioloxicista, contribuía a perpetuar a opresión das mulleres, a vontade de crítica e de transformación social, levaba ó pensamento ilustrado a defender o papel da educación e, así, as posibilidades abertas para algunhas mulleres de maiores oportunidades, e os cambios nas condicións materiais desde o século XVII, propiciaron que cada vez máis fosen capaces de vivir a vida e de dedicarse a actividades vedadas ata entón para elas, como a filosófico-científica.

No Século das Luces, existiron en Europa unhas institucións, os *salóns*, que ofrecían un nicho ás opinións e proxectos que non tiñan acollida nas Cortes. Un exemplo do que dicimos foi a edición da *Encyclopedie*, grande proxecto rexeitado e prohibido na Corte francesa, atacado por xesuítas e xansenistas, pero propiciado polo salón de Mdme. de Pompadour. Paradoxalmente, algúns dos artigos destinados á entrada *Muller* na

devandita obra, son todo un exemplo de misoxinia e prexuízo, e os salóns non se mencionan nas súas páxinas. Estas contradicións non deben parecer estrañas, pois son características duns tempos nos que se están dando cambios de paradigma e, nesta época, iso é exactamente o que está acontecendo nos eidos social e científico.

De certo, a Revolución Científica do XVII proporcionara un novo talante, ó confiar na capacidade humana para buscar solucións racionais. Nesta nova mentalidade, resultaba tan útil o traballo artesano coma o científico, pois os dous contribuían ó “progreso e á felicidade” [benestar] dos seres humanos. A educación mostrárase como o motor do cambio social, propiciándose os saberes “útiles” fronte os inútiles teolóxicos e metafísicos. Alén de diferencias entre os diferentes países europeos, estas características foron comúns a todos eles e nin a sociedade galega nin a española foron excepcións.

É ben sabido que, durante a Ilustración, as mulleres dos salóns apoiaron as novas filosofías científicas de Descartes, Newton ou Leibniz. Esta institución científica, o salón, á marxe ou á beira das Academias, procede do século XVII, no que á calor da nova ciencia aparece a “dama de ciencia” que se interesa e participa en todos os campos desta. Neste tempo, moitos homes ricos dedícanse á actividade científica, reuníndose en grupos, permitindo que as súas irmás, mulleres ou fillas se convirtn en *salonières* ou *damas de ciencia*. Desta maneira, independentemente de que a ciencia se considerase apropiada ou non para as mulleres, en Italia, Francia, Alemania e Inglaterra, un sector importante da poboación feminina, puido estudar fóra dos conventos, único refuxio que posuían na Idade Media, sendo os salóns un lugar privilexiado de acceso á ciencia para algunhas mulleres con poucos recursos, cando conseguían axuda da salonière correspondente. Cumpre clarexar que aínda que sempre existiron damas cultas entre a nobreza instruída e que as mulleres contribuían á ciencia desde os tempos máis antigos, a chamada *dama de ciencia* foi un produto da revolución científica.

Como bo exemplo das múltiples contradicións existentes no pensamento ilustrado, moitos escritores e eruditos predicaban contra a proliferación de científicas afeccionadas, sendo obxecto de sátiras como a famosa obra de Molière no século XVII, *As preciosas ridículas* ou *As mulleres sabias*, mentres outros mantiñan que a posibilidade de apreciar a inmensidade dos ceos e as marabillas da creación, faría que as mulleres se mantivesen piadosas e que os instrumentos ópticos as levarían máis preto de Deus.

E, deste modo, ciencias como a Botánica, ou mesmo a Química, chegaron a considerarse apropiadas para as mulleres, idea á que contribuiu **Rousseau**, de quen non se pode dicir que fose precisamente un defensor da educación feminina. Nos seus *Ensaaios elementais sobre a Botánica*, dedicados a Mdme. Gautier, aprobará que dedique á súa filla a "exercitar a súa atención en obxectos tan agradables e variados como as plantas [...] [porque esta atención] impide o tumulto das paixóns". Esta opinión rousseauniana correspóndese coa da meirande parte de filósofos e científicos do Século das Luces, que argumentaban con razóns pretendidamente científicas que os estudos das disciplinas das novas ciencias non eran apropiados para as mulleres. O mesmo Rosseau, un pensador influente nas ideas ilustradas, dirá no *Emilio*:

Unha indagación nas verdades abstractas e especulativas, nos principios e axiomas das ciencias e todas as cousas que fan que as nosas ideas sexan máis xerais, non é da provincia das mulleres. Todos os seus estudos deberían ser prácticos; a elas tocalle aplicar os principios descubertos polos homes, e facer as observacións que levarán ó noso sexo a establecer eses principios [...] Polo que respecta ás obras de xenio, superan a súa comprensión, e tampouco cuentan coa atención nin a precisión suficientes para ter éxito nas matemáticas; e polo que respecta á filosofía natural [ciencias experimentais], pertence só a aquel sexo que sendo máis activo, é quen de ver a maior cantidade de obxectos, posúe a maior forza, exercéndoa máis, ó xulgar as relacións dos seres sensibles, e das leis da natureza

Así pois, mentres as damas de ciencia se dedicasen a xogar e a divertirse cos novos inventos científicos, a súa afección era tolerada e, mesmo, chegaba a ser de bo tono que as mulleres de clase social acomodada coñecesen as últimas novidades científicas, pero outro problema era que abordasen o estudio rigoroso da filosofía natural ou das matemáticas, onde terían que competir cos homes. Ben é certo que moitas damas levadas pola moda, e moitos cabaleiros tamén, desenvolveron unha afección científica, superficial e frívola, sen comprensión dos principios nos que se baseaba, pero tamén é verdade que nunca ata entón, tantas mulleres formaron parte das comunidades científicas, estudiando e traballando como podían, nos máis variados eidos.

Ademais dos foros desde os que a nova ciencia e a nova cultura se divulgaban, tales como os salóns da aristocracia e da burguesía ou as Academias, foron de enorme importancia os traballos de ensaio que se publicaban, traducindo e comentando as obras dos filósofos europeos do XVII e do XVIII. Neste contexto, de construción da ciencia moderna, as mulleres destacaron na divulgación científica, difícil de valorar nos nosos días, en que os descubrimentos máis importantes adoitan ser incomprensibles para o público. Nos séculos XVII e XVIII, o valor da divulgación era innegable, existindo un

mercado ávido de coñecer as explicacións dos máis variados fenómenos e da nova ciencia. Salientaremos que, ademais, para traducir a Newton ou a Descartes difícil de valorar nos nosos días, nos que os descubrimentos máis importantes adoitan ser incomprensibles para o público. Nos séculos XVII e XVIII, o valor da divulgación era innegable, existindo un mercado ávido de coñecer as explicacións dos máis variados fenómenos e da nova ciencia. É de xustiza salientar que para traducir a Newton ou a Descartes cos comentos pertinentes, por poñer exemplos notorios, era preciso, non só coñecer o idioma, senón tamén estar en posesión de amplos coñecementos científicos e filosóficos para realizar un traballo que respondía ó que hoxe chamariamos estudos críticos. Sen embargo, a consideración da capacidade intelectual das mulleres non variou substancialmente respecto a épocas anteriores, pero a efervescencia científica e cultural permitiu a emerxencia dun pensamento positivo, respecto a elas, aínda que minoritario, como xa quedou indicado.

O panorama hispano

Pero, ¿cal era a situación das mulleres?, ¿cal era o pensamento ilustrado hispano verbo delas? Esta pregunta é pertinente porque é preciso saber se os escritos de frei Martín se insiren nunha corrente de pensamento maioritaria, ou se, pola contra, constitúen unha loable excepción. Por de pronto sábese que Sarmiento escribe a súa “Defensa de las mugeres”, no marco da *Demonstración Crítico-Apologetica*, única obra publicada en vida para saír ó paso dos ataques que se lle fan ó Padre Feijoo. De entrada non parece que as ideas dos dous ilustres beneditinos, ó respecto, tivesen gran acollida. O propio Feijoo afirmaba:

"En grave empeño me pongo. No es ya sólo un vulgo ignorante con quien entro en la contienda: defender a todas las mujeres viene a ser lo mismo que ofender a todos los hombres"².

O pensamento ilustrado español defendía a incorporación das mulleres a traballos productivos, do mesmo modo que perseguía a "recuperación" dos sectores marxinais, tales como vagabundos, pobres ou hospicianos, porque podían ser útiles para o progreso do país, pero á hora de valorar a súa capacidade intelectual mostrábase retrógrado. Contra finais de século, producírase unha forte polémica acerca da admisión de mulleres

² FEIJOO, P. , *Theatro Crítico Universal*, T.III, Madrid, 1730, p. 325.

nas Sociedades Económicas, que tivo o seu punto álxido na Sociedad Económica Matritense.

Resulta ben ilustrativo analizar, aínda que sexa lixeiramente, algunhas das posicións existentes, para poder cotexalas coas do frade beneditino, tendo moi presente que a maioría das polémicas referentes a actuacións concretas como a admisión das mulleres nas institucións ilustradas, daranse despois da morte de frei Martín.

Comezando pola Sociedades Económicas, os seus estatutos non impedían a entrada ás mulleres pero, diante da súa demanda de ser admitidas como socias, as resistencias e reticencias dos ilustrados foron inmensas. No caso xa citado, da Sociedad Matritense, **Cabarrús** mostrábase oposto á súa incorporación, co argumento de que tal feito puña en cuestión o pudor e o recato. Manterá unha fortísima polémica con **Jovellanos**, afirmando que a incorporación da muller traerá o caos ás institucións, pola súa natureza anárquica, a súa incapacidade para plegarse ás leis e normas establecidas, así como pola súa natureza frívola e inestable. Deste cariz eran os escritos de 1786.

Jovellanos era partidario da citada incorporación, recoñecendo as súas capacidades intelectuais e a posibilidade de admitilas polos seus méritos e non pola súa extracción social. Sen embargo cría que, por recato, non acodirían ás Sociedades Económicas, pero que poderían facer propostas desde as súas casas. Obsérvese, pois, que mesmo o pensamento de aqueles que defendían a igualdade era ben moderado.

Outros escritos en defensa das mulleres e das súas capacidades foron os de **Ignacio López de Ayala**, quen declaraba:

"Llegará un tiempo en que nuestro siglo parezca tan mal a los futuros, por excluir a a las señoras de la instrucción y el manejo de que son capaces, como nos parecen mal los pasados por la repetición con que anhelaban tenerlas encarceladas y sofocar todas sus luces [...] Los hombres son los únicos que han desprovisto al otro sexo; celosos de una autoridad inhumana, las reducen al ocio [...] Un hombre reducido a vivir como una mujer sería tan mujer como cualquiera de ellas y sólo añadiría a la pequeñez, la desesperación".

Pola súa banda, **Campomanes**, no seu famoso *Discurso sobre la Educación Popular de los Artesanos y su Fomento*, sosteña que o debate sobre a capacidade das mulleres era pouco útil, e que do que se trataba era de propiciar a laboriosidade nelas, máis que de propiciar unha educación intelectual.

O 27 de agosto de 1787, Carlos III aproba a admisión das mulleres nas Sociedades Económicas, pero a sociedade ilustrada chamaba "bachilleras", de maneira insultante, ás mulleres intelectuais, e poucas se atreveron a desafiar tal crítica, coa excepción dun grupiño pertencente á nobreza e á burguesía, que desenvolveu un importante labor nas institucións ilustradas. Entre elas foi posible localizar nos traballos de investigación sobre a época algunhas como: **Mari Carrillo**, da Sociedade Económica de Santiago de Compostela; **María Reguera de Mondragón**, da de Lugo; **Josefa Amar y Borbón** das de Zaragoza e Madrid, así como **M^a Adelaida Destreham** e a súa irmá, fillas do Conde de Guzmán; **M^a Francisca de Sales Portocarrero**, Condessa de Montijo, **Juana Rabasa Soler**, **M^a Isidra de Guzmán y de la Cerda** e a **Duquesa de Osuna** da Sociedade Matritense.

Contra finais do século, o ilustrado galego **Vicente do Seixo** escribirá a súa obra en defensa das capacidades intelectuales das mulleres, que se publicará en 1801. Examinado o título correspondente é fácil de comprobar que a *Querelle* estaba lonxe de rematar:

Discurso Filosófico Económico Político Sobre La capacidad o incapacidad natural de las mugeres para las Ciencias y las Artes, y si en razón de su constitución, ó por defecto de su potencia intelectual, y organización física, deben ó no tener otras ocupaciones que las de la rueca, calceta y aguja, como pretenden algunos hombres, ó deberá dárseles otra educación que la que se las da actualmente, y cuál sea ésta. Madrid, 1801.

Con obxecto de rastrexar cal era a educación que as propias mulleres ilustradas propuñan para o resto, resulta ben significativa a obra de **Josefa Amar y Borbón**, dama privilexiada, nacida nunha familia culta, na que o pai era catedrático de Medicina en Zaragoza, e a nai, tamén filla de médico, posuía unha instrucción pouco frecuente naquel tempo.

Dona Josefa educouse entre libros, con preceptores particulares, chegando a acadar unha gran erudición, escribindo co seu propio nome, pois nunca quixo usar pseudónimo masculino, como acontecía con outras ilustradas. M^a Victoria López Cordón (1994) di a propósito do seu pensamento:

A súa idea da igualdade era unha consecuencia da súa fe no coñecemento, e por iso non entendía, nin case tomaba en consideración, os argumentos de quen a negaba. Estaba convencida de que o intelecto non tiña xénero e que este, en boa parte, íase conformando desde a infancia a través dun proceso de restriccións e

de diferencias. É curioso que, malia a atención que presta á orde física e material e dos seus coñecementos médicos [...] compartan ben pouco as teorías fisioloxicistas, tan estendidas daquela e tan presentes sempre nos debates sobre a condición das mulleres, e que fundamente sempre a oposición de caracteres e cualidades entre homes e mulleres en cuestións culturais. Por iso consideraba imprescindible educar ó seu propio sexo e facelo asumir as vantaxes e os custos da nova situación.

Pero despois desta prometedora introducción, as formulacións que se encontran en dona Josefa sobre a educación das mulleres son ben moderadas, e moito menos radicais que as que expresa en defensa da plena capacidade intelectual e moral das mulleres, achacando a súa ignorancia ó feito de que a sociedade as empurraba a ser "bonitas y petimetras". No seu *Discurso en defensa del talento de las mujeres y de su aptitud para el gobierno y otros cargos en los que se emplean los hombres*, de 1786, dirá que se mulleres e varóns teñen as mesmas obrigas legais e relixiosas, "por consiguiente, ambos necesitan de una instrucción competente para su entero desempeño".

Sen embargo, Josefa Amar y Borbón non pretenderá unha educación intelectual rigorosa para as mulleres, senón unicamente ampliar a existente para levar un fogar con instrucción, sobre todo para a quecas que casen con homes cultos, afirmando no mesmo discurso:

Así pues, la ilustración y cultivo del entendimiento podrá ser muy útil a aquella clase de mujeres que, comunmente hablando, casarán con hombres cultos e instruidos, para que se afiance mejor la perpetua unión y armonía.

Esta liña de lograr boas administradoras do fogar e boas cristiás, máis que mulleres instruídas nas distintas materias do coñecemento, será unha constante nas obras das propias mulleres ilustradas, aínda que fosen tan combativas como Josefa Amar. De novo aparecen as contradicións do pensamento ilustrado que, mentres se move no terreo dos proxectos, defende unha educación igual para mulleres e homes, pero á hora de levalos á práctica, tal como salienta Margarita Ortega (1988) é "coñecida a animadversión da moderada Ilustración española a calquer cambio que chocase coa sociedade estamental que eles respectaban e apoiaban". A propia Amar admitía que a extensión da educación a todas as mulleres podería traer o desgobierno, sendo difícil de aventurar se non soubo ir máis aló, non quiso ou non se atreveu.

O ILUSTRE BIEITO AFIRMA A RACIONALIDADE DAS MULLERES

Frei Martín Sarmiento non participa do discurso da filosofía nin da ciencia no referente ás mulleres, afirmando a súa racionalidade. Na *Demonstración Crítico Apologética*, nunha longa disertación en “Defensa de las Mugerres” abondará nos argumentos do seu mestre Feijoo, indo máis lonxe:

Feijoo dixo [...] *que la Alma racional no admitía diversida de sexos* [...] tampoco la Alma racional tiene diversidad alguna, por ser de esta, ú de la otra Nacion.³

Chegará a manifestar que “en ningun asunto se hallan mas errores del entendimiento, ni mas ceguerras de Voluntad, que en el asunto de Mugerres”⁴. Aclara Fr. Martín que un destes erros está na fantasía poética, pero o outro é o daqueles “que afectando deprimir á las mugeres, hasta la extravagancia de excluirlas de la especie humana, se alistaron en la clase de los mas Irracionales Brutos”, poñendo como exemplo destes suxeitos a un autor, **Marville** que, á súa vez, cita a un “Italiano Moderno (1725)”, quen nun libro dicía que: “probaba con la escritura, que las Mugerres no tenian alma racional, ni eran de la especie humana”⁵.ⁱ

Pero o frade bieito considera que estes xuízos tan bastos, introducidos en Europa, na súa opinión, pola vía da “Physica e a Ethica dos Gregos e Orientais”, non son dignos de consideración e que, por tanto, non fan moito dano. Moito máis perigosos lle parecen os daqueles que argumentan con fundamento aparente, e de maneira mías sutil, tales como:

“[...] El de los que afirman que las Mugerres son inferiores á los hombres por muchos capitulos; aunque por ninguno se deban excluir de la especie humana, ni de la linea de racionales”⁶.

Para Sarmiento, igual que para Feijoo, as mulleres e os homes son iguais en aptitudes intelectuais. Remítíndose ó *Theatro Crítico* do seu mestre para argumentalo

“En el Theatro verá el Letor probada la igualdad de la Muger al hombre, particularmente en quanto á las prendas Intelectuales, que es el principal intento”.⁷

Tamén se pode apreciar na súa obra unha aposta contra as dicotomías filosóficas en materia de xénero. O mundo, dirá o monxe galego, non se divide en necias e discretos

³ SARMIENTO, Fr. Martín, Discurso XXI. *Demonstración Crítico-Apologética*, o.c., p. 236

⁴ SARMIENTO, Fr. Martín, *Defensa de las Mugerres. Demonstración Crítico...*, o.c., p. 192.

⁵ SARMIENTO, Fr. Martín, *Defensa de las Mugerres. Demonstración Crítico...*, o.c., p. 193.

⁶ SARMIENTO, Fr. Martín, *Defensa de las Mugerres. Demonstración Crítico...*, o.c., p. 193.

⁷ SARMIENTO, Fr. Martín, *Defensa de las Mugerres. Demonstración Crítico...*, o.c., p. 193.

nin tampouco en discretas e necios. Chegando a este punto, cita como argumento de autoridade o libro xa comentado de "D^a Lucrecia Marinella", do que comentará que a erudita veneciana defende ó seu sexo con "varia erudición", engadindo da súa propia colleita:

"El cotejo para la disputa de la igualdad, no se ha de instituir entre buenos y malas; ni entre malos, y buenas. Tampoco entre necios, y discretas; ni entre discretos, y necias. Solo se debe instituir entre la alma racional del hombre, y la alma racional de la muger, para lo especulativo"⁸.

"Para los exemplos de mugeres, que no han correspondido á las prendas que el P.M. [Feijoo] supone, se podrán oponer millones de exemplos, en que los hombres, no solo no correspondieron á las que imaginan tener, pero ni aun á las que ciertamente poseen. De tímidos y mentecatos, y viciosos, hay abundancia para contraponer, á mugeres débiles, ignorantes y malas"⁹.

Tampouco a poligamia se libra das súas críticas, analizando o que significa para as mulleres, sendo como é o resultado da paixón desordenada dos homes que non dubidan en aldraxalas para satisfacela:

"Esta se introduxo para satisfacer á la pasión brutal de los hombres; y al fastidio de esta pasión, ha sido consiguiente el total vilipendio de las Mugeres"¹⁰

Pero o máis grave é a interiorización da desigualdade por parte das propias mulleres, consecuencia da situación que padecen, de tal maneira que elas mesmas contribúen a perpetuala, pois acaban interiorizando a súa suposta inferioridade. Traducido a linguaxe actual, o devandito viría a significar que a propia vítima da opresión se converte en reproductora da mesma, perdendo a autoestima e non sendo quen de asumir a súa emancipación. Véxase unha mostra da opinión do Padre Sarmiento ó respecto:

[...] Consiguieron aquellos Barbaros, que ellas mismas sean las que principalmente mantienen el error contra su dignidad. Yá no se contentan con suponer son ineptas para todo quanto puede hacer un agente racional en este Mundo. Ellas mismas juzgan que su aptitud para las felicidades del otro Mundo, se habrá de regular por los méritos de los hombres.¹¹

⁸ SARMIENTO, Fr. Martín, Defensa de las Mugeres. *Demonstración Crítico...*, o.c., p. 225.

⁹SARMIENTO, Fr. Martín, Defensa de las Mugeres. *Demonstración Crítico...*, o.c., pp. 224 e 225.

¹⁰ SARMIENTO, Fr. Martín, Defensa de las Mugeres. *Demonstración Crítico...*, o.c., p. 193.

¹¹ SARMIENTO, Fr. Martín, Defensa de las Mugeres. *Demonstración Crítico...*, o.c., p. 194.

Vemos, neste texto, grande similitude con **François Poulain de la Barre**, quen afirmaba:

"Las mujeres están tan convencidas de su desigualdad e incapacidad que hacen virtud no sólo de soportar la dependencia en que están, sino de creer que está fundada en la diferencia que la naturaleza ha establecido entre ellas y los hombres. Recuerdo todavía muy bien que, cuando empezó a aparecer el libro *De l'Egalité*, sólo las Preciosas lo recibieron con aplausos, decían que se les hacía alguna justicia [...] los demás hablaron de él como una paradoja que tenía más de galantería que de verdad..."ⁱⁱ

Debemos salientar que a maioría dos textos en defensa da muller, do século XVIII quedan moi por detrás do pensamento de **Poulain de la Barre** e de Fr. Martín, aínda que se poida atopar en filósofos como **Condorcet** (1743-1794), que tamén era matemático, un intento de pensar sobre a igualdade de homes e mulleres, apoiándose na forza transformadora da educación, sostendo que unha constitución non pode chamarse "republicana se exclúe ás mulleres do dereito de cidadanía [...]" Así, argumenta que "os varóns non poden representar as mulleres xa que os seus intereses son diferentes, como o proban as leis opresivas e discriminatorias votadas polos homes contra as mulleres".ⁱⁱⁱ Reparemos en que as cartas de Condorcet están escritas a finais do século, anos despois da morte de Fr. Martín Sarmiento.

7.4.4. CONTRA O DETERMINISMO BIOLOXICISTA, VIXENTE AÍNDA HOXE

Denuncia os estereotipos dominantes na ciencia da época, xa salientados, de carácter bioloxicista, sobre o diferente temperamento de mulleres e de varóns e outras afirmacións, como a suposta forza destes, etc, insistindo no papel da educación, responsable da maioría das diferencias existentes. É un texto que, desafortunadamente, non ten perdido actualidade, pois o determinismo bioloxicista e a sociobioloxía manteñen aínda moitos dos prexuízos denunciados polo noso frade, e a súa aceptación social é ampla nas nosas sociedades, como consecuencia da súa defensa por unha parte influente da comunidade científica. Un exemplo paradigmático do que afirmamos se pode estudar na obra de Wilson, profesor de Harvard, *Sociobiology: The New*

Synthesis^{iv}, quen chega a afirmar que as mulleres, os negros... nunca poderán acadar os éxitos dos homes [brancos] na política, nos negocios e nas ciencias. Na mesma liña, o mantemento de "postulados sobre diferencias entre os sexos no referente ó temperamento, habilidade cognitiva e papel social "natural", está sendo unha parte importante da loita contra as esixencias políticas do movemento feminista"^v en EEUU. Unha vez máis, as teses do biólogo de Harvard, E. O. Wilson , apoian as posicións máis retrógradas, asegurando con cobertura "científica" que:

"Incluso en la más libre e igualitaria de las sociedades futuras, es probable que los hombres continúen desempeñando un papel preponderante en la vida política, en los negocios y en las ciencias"^{vi}

O noso frade non sabía xenética, obviamente, pero baseándose na racionalidade de ambos sexos, na súa fe na educación como elemento transformador da sociedade, así como na experiencia e na observación desprexuízada, ó respecto, do mundo, afirmaba:

"Aunque sea cierto que, generalmente hablando, son los hombres más robustos que las Mugerres, la mayor robustez que se observa, no tanto procede del sexo, como del mayor ejercicio, y aplicación. Si las educaciones se trocasen, serian los hombres afeminados y las Mugerres varoniles...

"...Sin salir de España hay en las Aldeas Mugerres tan animosas, y robustas, que podrán hacer hastillas á muchos hombres criados con regalo. De este sentir es Clemente Alexandrino; pero aconseja, que no es razon sean bulliciosas las Mugerres, quando es justo que sean pacificos los Hombres".^{vii}

Dos textos seleccionados, interésanos salienta a afirmación seguinte que é dunha increíble modernidade e que coincide coas actuais correntes ambientalistas, enfrontadas ás bioloxicistas, nun fortísimo debate, académico e social, de total actualidade nos nosos días:

"Si las educaciones se trocasen serían los hombres mugeriles y las mujeres varoniles...".

Na liña de combater estereotipos e prexuízos respecto á suposta responsabilidade que se lles atribde ás mulleres en episodios históricos, porque coa súa beleza e malas artes empurraran ós homes a realizar determinadas accións insensatas, o noso frade di:

"Feijoo dixo [...]no habiendo tenido ellas más culpa, que el haber nacido agraciadas".^{viii}

FREI MARTÍN RECOÑECE E CITA AS APORTACIÓNS DAS MULLERES ERUDITAS ANTIGAS E CONTEMPORÁNEAS

Fr. Martín Sarmiento apreciará as contribución das mulleres no terreo científico, sen o máis mínimo asomo de misoxinia nin de condescendencia paternalista. No seu *Catálogo de Autores de los que yo Fr. Martín Sarmiento tengo ad usum*, inédito, achamos diversas citas de mulleres científicas e as súas obras, así como algúns dos poucos títulos existentes naquel momento verbo desas contribucións nun terreo que lles estaba vedado.

Nunca lle parecerá un argumento de autoridade aquel que afirma a favor da desigualdade que esta ten grande predicamento entre os eruditos xa que, entre outras cousas, todas as mulleres eruditas se manifestaron a favor da igualdade cos homes. Para que a citada argumentación fose sólida sería precisas unhas condicións que non se dan:

[...] Era preciso que todos los hombres Eruditos afirmasen que las Mugerres eran inferiores; esto es falso. Era forzoso que la mitad de las Mugerres Eruditas fuesen del mismo sentir; esto es falsísimo [...] Son muchísimos los hombres que están a favor de la igualdad; y apenas hubo Muger Erudita, que expresa, ó implícitamente no afirmase la misma igualdad á los hombres. Tan lejos de tener fuerza el argumento contra las Mugerres, sería argumento contra los hombres, si hubiese tantas Mugerres Escritoras; como hai hombres que escribieron. Entonces estarian todas las Mugerres á favor de la igualdad, y habria muchos hombres del mismo dictamen. Que absolutamente hay hoy mas votos en contra, es pura materialidad.¹²

Frei Martín fala con opinións ben documentadas, pois as citas que inclúe nos seus escritos indican un amplo coñecemento da cuestión. Como mostra reproducése bibliografía de mulleres eruditas e tratados sobre a súa historia, presentes no catálogo da biblioteca do monxe bieito:

"Sabuco (D^a Oliva). Medicina. En castellano. Madrid 17[28]"

"Fouquet (Madama) Obras Medico Chirurgicas: o ahorro de Medicos etc. traducidas de frances en castellano por Francisco Monroy [...] Valladolid. 1748."

"Bocacio. Mugerres Ilustres; en castellano. Zaragoza. 1494."

¹² SARMIENTO, Fr. Martín, *Defensa de las Mugerres. Demonstración Crítico...*, o.c., p. 204.

"Menagio (Egidio) *Historia Mulierum Philosopharum*, Leon. 1690."

Olivia Sabuco de Nantes Barrera naceu en 1562 e escribiu un tratado sobre os estados fisiolóxicos humanos titulado *Unha nova filosofía da natureza do home*. Esta obra, dedicada a Felipe II, imprimiuse en Madrid en 1587, reimprimíndose en 1588. Todos os exemplares foron destruídos pola Inquisición, volvéndose a editar en 1728, que é precisamente a que posúe Sarmiento. Cumpre salientar, non obstante, que a autoría do libro foi adxudicada ó seu pai....

Pero non rematan aquí as referencias de Sarmiento senón que sempre que le ou fai propostas lémbrese das mulleres e do seu saber. Neste caso, a propósito dun conxunto de Códices do Século XIV, que revisa en 1750, dá conta da existencia de mulleres doctas naquel tempo, e tamén da situación que, ó respecto, se vivía en Italia, Francia e Alemania, no século XVIII:

En 20 Codices otros de la Historia Literaria de España, no solo hay noticia de infinitos Autores Arabes, y Españoles, sino tambien de muchisimas Mugeres doctas, y escritoras en todo genero de Literatura, y especialmente en la Poesia; y asi me he ratificado en el dictamen, que tengo hecho, de quando en un Siglo florecen mucho las letras entre los hombres, siempre los acompaña una buena porcion de Mugeres, que tambien florecen en ellas, como hoy se ve en Italia, Francia y Alemania¹³.

Refírese o Padre Sarmiento ás mulleres científicas que, malia todas as limitacións, conseguen dedicarse ó estudo da "filosofía natural" en diversos países da Europa do século XVIII. A maioría delas non foron admitidas nas Academias científicas, pero ás veces conseguían publicar traballos nas Actas e, mesmo, algún premio. Exemplos de mulleres eruditas, ós que podería facer referencia o benedictino, citadas sen afán de exhaustividade, son: **María Winkelman**, astrónoma (Berlín 1670-1720); **Nicole Lepaute**, astrónoma (París, 1723-1788); **María Sybilla Merian**, entomóloga (Franckfurt, 1647-1717); **María Agnesi**, matemática (Milán, 1718-1799); **Laura Bassi**, primeira catedrática de Física nunha universidade (Bolonía, 1711-1788) e **Emilie du Châtelet** (1706-1749), ás que se podería engadir un número máis longo do que nos permiten pensar os libros de texto e a Historia da Ciencia tradicional. Queremos salientar, sen embargo, que xa comezan a reseñarse as contribucións dalgunhas mulleres

¹³SARMIENTO, Fr. Martín, *Dictamen del P. Fr. Martín Sarmiento al Rmo. P. Maestro Francisco Ravago. Confesor de S.M., sobre el Nuevo trabajo de los Codices Manuscritos Orientales de la Real Biblioteca del Escorial*. 12 diciembre 1750, Vol. VIII, Col. Dávila, o.c., fol. 200; Vol. IX, Col. de los Heros.

científicas en obras que non son investigacións específicas de ciencia e xénero, como as de Hankins (), Mason () ou Millar, Millar e Millar (), *Dictionary of Scientists*

A Sor Juana Inés de la Cruz, unicamente coñecida ata hai ben pouco pola súa obra literaria, recoñécelle a súa sabedoría sobre Física Experimental. A monxa mexicana naceu en Amecameca en 1651. Desde moi pequena comezou a dar proba dos seus talentos para o estudo. Propuxo á súa familia que lle permitise usar traxe masculino para poder asistir á Universidade. Baixo a dirección dun tío seu aprendeu Latín, Retórica e Filosofía. Posteriormente ingresaría nun convento, dedicándose á poesía e ó estudio das ciencias, pero foi duramente reprimida por esa afección ata que se viu na obriga de abandonar os estudos, desfacerse dos seus libros e facer penitencia, morrendo nunha epidemia de peste na que se dedicou a coidar ás irmás do convento, como demostran investigacións recentes. Frei Martín lera a súa obra e xa apreciara os seus coñecementos científicos:

Hablando yo con el mismo sujeto, de lo que yo habia observado en el movimiento del Peon, o trompo, me dixo que algo havia leido de eso, en la celebrada Monja de Mejico, Sor Juana Ynes de la Cruz. Tengo sus tres tomos, desde el año de [1]727 que entonces lei todo de *verbo ad verbum* [...] Registré esas obras, y en la pagina 173 del tomo 3º de su fama, y obras postumas, está la observacion de esa Religiosa, sobre el movimiento del trompo. Dice que comienza por circular, y que acaba por espiral¹⁴.

Tamén son obxecto da súa atención as monxas boticarias, depositarias de saber científico e técnico. Nesta ocasión fala das inmensas utilidades do termómetro, un marabilloso invento que vai permitir levar a cabo “mil primores”, entre os que se conta a posibilidade de incubar ovos sen galiñas. O argumento de autoridade neste caso é o famoso químico francés Réaumur, que publica un artigo nunhas actas científicas. Sarmiento posúe un termómetro Réaumur que data de e hai que salientar que a escala centígrada de Celsius, data de 1742.

"Mr. Reamur en las Memorias de Trevoux de [1] 750 [...] dice logró el modo de sacar los Pollos de Huevos sin Gallinas, como en Egypto con el calor del Estiercol en 32 grados de un Thermometro [...] pues que es el Calor de las Gallinas, quando cubren los Huebos, de 32 grados.

¹⁴ SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. 2º de la Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 392.

"Añade [...] que la Monja Sor Maria de la Orden, o Comunidad del Ynfante Jesus, habiendo echado 300 huebos, sacó a calor del estiercol 296 huebos.¹⁵

A súa actitude non é paternalista, criticando ás eruditas se o considera oportuno. Nesta ocasión, fala de **Madama Stephens**, autora dun libro de receitas sobre o "mal de pedra y de orina", polo que cobrou 300 pesos, actitude reprobada polo frade que opina que non se debe comerciar coa saúde humana. Escribe ó seu irmán Javier, Ministro de Marina en Pontevedra, que parece que tiña algún padecemento renal, remitíndolle o libro pero insistindo en que use de remedios naturais:

Para tu enfermedad te remito 3 tomos en 12ª y en francés que contienen las recetas de la famosa Madama Stephens, inglesa a quien el rey de Inglaterra dió 300 pesos para que las revelase y publicase. El fin es para el mal de piedra y de orina. Y en dichos tomos hay otras piezas conducentes. es obra de toda moda. En todo caso atente a tu agua de mexadeira y a tu malvavisco, y a tu régimen y ejercicio.¹⁶

7.4.5. A DEFENSA DA SABEDORÍA POPULAR VERSUS CIENCIA OFICIAL. AS

MULLERES SON DEPOSITARIAS DELA: BRUXAS-SANDADORAS

Xa poidemos comprobar a defensa que o noso sabio fai da sabedoría popular e dos coñecementos dos "rústicos" e "bárbaros". Nesta liña e como non podía ser menos nun defensor da empiria, como Fr. Martín, reconece o saber das "bruxas", sandadoras por tradición, depositarias da medicina natural.

As sandadoras, menciñeiras en Galicia, foron, maioritariamente, as primeiras médicas e anatomistas da historia occidental. Actuaban como enfermeiras e conselleiras, foron as primeiras farmacólogas coas súas herbas medicinais, que cultivaban e das que se transmitían os usos, virtudes e perigos. Tamén actuaron como comadronas, indo polas casas e polas aldeas e pobos. Ó longo de moitos séculos exerceron a medicina sen título, transmitíndose as súas experiencias de nais a fillas ou entre veciñas. As xentes do pobo chamáballes mulleres sabias ou sandadoras, pero a partir do momento en que a medicina se profesionaliza, esixíndose unha formación universitaria, vedada ás mulleres, converténdose, por tanto, nuha profesión masculina, pasan a ser consideradas

¹⁵ SARMIENTO, Fr. Martín, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema...*, o.c., fol. 36; o.c., fol. 28.

¹⁶ *Carta de Fr. Martín Sarmiento a su hermano Javier (15-2-1758), Comunicando el envío de dos cajones llenos de cosas y de semillas de plantas.*

bruxas perigosas, sendo perseguidas de maneira feroz na Europa dos séculos XIV ó XVII, ata ben entrada a "idade da Razón", como sinalan Bárbara Ehrenreich e Deirdre English (1973), nunha interesante investigación, *Witches, Midwives and Nurses. Complaints and Disorders*^{ix}.

Recentes traballos como os de Escotado (1994)^x, Font Quer (1993)^{xi} e Gómez Fernández^{xii} (1996, 1997) indican que o estudio dunha parte da etnobotánica da Idade Media e da botánica oculta de Paracelso revelan que os principios tóxicos de certos vexetais velenosos foron os principais responsables de que numerosas persoas fosen acusadas de bruxería e de pactar co demo. En España, en tempos de Felipe V, 1600 persoas foron queimadas e no ano 1782 hai constancia da queima dunha "bruxa". En Europa, entre os séculos XIII e XVII, un 17% da poboación morreu na fogueira, fundamentalmente mulleres, acusadas de delitos de bruxería.

Despois dunha descrición dos principios activos que contiñan moitas das plantas utilizadas polas sandadoras, supostamente bruxas e feiticeiras, Gómez Fernández conclúe que eran grandes coñecedoras dos vexetais e dos seus principios activos, afirmando ó respecto:

"Es muy probable que estas hechiceras comenzaran como curanderas recetando diferentes plantas tóxicas de benéficas propiedades en dosis menores, pasando poco a poco a dosis más fuertes, descubriendo los efectos psicotrópicos que poseían. Sin duda estos personajes, principalmente femeninos, arriesgaban mucho, pues nadie creía entonces que aplicados exteriormente, o tomados en pequeñas dosis, los venenos eran remedios eficaces...Estas plantas de haber sido encontradas en manos de una mujer se la habría considerado envenenadora o fabricante de pociones malignas, una multitud ciega y cruel podía matarla a patadas, ahogarla o condenarla a la hoguera".

Lembremos que Fr. Martín disertará contra a ignorancia dos médicos galenistas do seu tempo, entre outras cousas, porque os estudos de medicina non recibían ensinamentos experimentais, baseando a meirande parte dos seus coñecementos en asuntos metafísicos e recorrendo ás sangrías e ás sambesugas. Esa era, no tempo da caza de bruxas en Europa, e no século XVIII en España, con honrosas excepcións, a situación da chamada "ciencia médica". Non é estraño, pois, que o noso beneditino, un home con

independencia de criterios, defenda e trate de aprender dos coñecementos das bruxas, ó estilo de Paracelso, quen confesou que todo o que sabía, ás bruxas llo debía.

Neste texto, ademais de salientar os coñecementos que estas posúen, indica que se debe distinguir entre lo que saben por tradición "Gentilica" e por tradición cristiana. Engade tamén que cando "entraron los Judios á ser Medicos, no sabian las tradiciones y que asi introduxeron las suyas". Fr. Martín non aproba a caza de bruxas, non só non as condena, senón que intenta xustificar e desmitificar as súas prácticas, chegando a sinalar que mesmo lle gustaría posuír un catálogo dos ensalmos das "bieiteiras". É a súa unha posición ben excepcional nun relixioso-ilustrado:

"Viejas. Diré que las virtudes de los vegetales que saben las viejas son las primitivas. "No las ynventaron; sabenlas por tradicion, desde que el tiempo que los eclesiasticos exercian la Medicina, y de hay tambien sus ensalmos por haber oido curar con Psalmos. De ay en Gallego Bieiteiras".^{xiii}

Pon diversos exemplos, nos que mulleres e homes, dedicados a sandar as enfermidades, sen instrucción formal, curan por telo aprendido doutras persoas ou pola súa aplicación, sen título facultativo:

"Es poco o nada lo que han inventado los Facultativos Juramentados en Gremio para que solo ellos pasen por racionales, y todos los demás por Brutos. Las mas utiles invenciones las tenemos ó del acaso, ó de los Animales, o de los Barbaros, ó de los Rusticos, ó de las Mugeres y Niños..."^{xiv}

"En lo poco que estando yo en Galicia observé de plantas puedo decir que más aprendi de las Viejas, y de los Muchachos, que de los Ciudadanos, y de los facultativos..."^{xv}

"Hay hoy el abuso de que muchos vulgares se entremetan en Ciencias de eruditos, y no es menor el que los eruditos se hayan apropiado como suya la Botanica mas propia de los vulgares".^{xvi}

Verbo dos coñecementos de plantas medicinais, fai unha graciosa disertación, sobre a presunción do Home de racional, estando nesta categoría, por detrás dos que se supón "inferiores". As mulleres, máis próximas ó estado de natureza e menos contaminadas por disputas inútiles, saben máis por experiencia e tradición que os que se dan de enteirados na materia:

"No ay principio alguno Natural Theorico; ni Axioma... del qual pueda el Hombre deducir con evidencia la mas minima virtud Medicinal de un Mixto; si no recurre a sus cinco sentidos y a la experiencia repetida y continuada por algunos siglos...las virtudes las descubrieron los Animales mediante su instinto.

"Las Viejas Rusticas, y Aldeanas... han descubiertto muchas que conservan tenazmente, para curarse, y curar a su familia, y a otros; por tradicion, y por experiencia.

"...Despues de Animales, Salvaxes, Viexas, y Niños, se sigue el Hombre, que hace de mui racional; pero tanquam tabula rasa; y en el asumpto para maldita la cosa; sino la rrova de Animales, salvaxes, viexas, y niños".^{xvii}

Vemos como recorre ó coñecemento das sandadoras, con nome e apelidos:

"Hay otra famosa planta para el mal de piedra ...Esta se llama gayuba y en latín uva ursi. Escribí un pliego sobre ella. Si la hay por allá te le remitiré. El modo de averiguarlo es el siguiente:

"Busca una Mari-Diz y otra rústica de las vecindades del Seixo. La antigua Mari-Diz me hizo venir ahí del Seixo la planta llamada arando y con ese nombre [...]La gayuba viene a ser una planta rastrera, como especie de arando..."^{xviii}

7.4.6. AS MULLERES SON AS MELLORES COÑECADORAS DAS SÚAS ENFERMIDADES E DEBEN ESCRIBIR OS SEUS PROPIOS TRATADOS DE MORAL

Incriblemente moderno ó respecto, resulta o seu pensamento, que podería considerarse un dos antecedentes dos estudos de xénero, sobre moral e medicina. Fai referencia ós coñecementos que posúen as mulleres sabias por tradición e por experiencia, máis eficaces que as sangrías e as especulacións dos médicos da época. Tamén, recollendo o sentir de moitas mulleres eruditas da época, reivindicará que as propias mulleres escriban os seus tratados de moral e que os homes deixen de impoñerlles o que deben facer e pensar.

Xa tivemos ocasión de verificar que Fr. Martín non compartía o discurso médico impregnado do bioloxicismo da época, que determinaba o diagnóstico e tratamento das

enfermedades das mulleres. Estas, coñecedoras dos seus males por tradición, e menos prexuízadas ó respecto, serían máis propias para exercer de sandadoras. Este convencemento levará, ó noso frade, a recomendar este tipo de atención para a enfermidade da raiña::

"De las enfermedades peculiares de las mujeres saben poco los hombres y tienen poco ejercicio de conocerlas y curarlas, siendo así que las mismas mujeres que las padecen por tradición de unas a otras, o la sage femme por tradición, porque las ha padecido y porque tiene ejercicio y conocimiento experimental, las suele curar con una patarata y con prontitud".

"...dije en una ocasión que faltaba por escribir la mitad del moral. El moral que hay escrito sólo le han escrito los hombres. Falta una buena porción del moral que escribiesen las mujeres para las mujeres. Digo lo mismo de la medicina. La que se halla en los libros sólo hombres la han escrito. Falta una porción de medicina que para las mujeres escribiesen las mujeres.

"Diráseme que en los libros hay las enfermedades de las mujeres y sus remedios y que en los libros del moral hay moral para las mujeres también. No lo niego. También hay en los libros medicina para curar los halcones y los perros y aún otros animales, pero puesta la hipótesis de que los perros y halcones escribiesen medicina para sus respectivas especies, nos reiríamos de la que para ellos está en los libros.

"...Quiero decir, en suma, que para las enfermedades peculiares de mujeres son más propias para curarlas las mujeres que no los hombres. No faltará alguna sage femme de habilidad, inteligencia, experiencia en sí o en otra y que tenga ejercicio de saber lo que hace. Esta se debía buscar al principio...para que actuase en la enfermedad...Y para el mayor acierto se podrían llamar tres mujeres de esas, que todas observasen el estado de la reina...y que después informasen a los médicos para que se tomase la resolución conveniente"^{xix}

7.4.7. A VISIBILIDADE DAS MULLERES: NA LINGUAXE E EN COMO LLES AFECTAN DETERMINADAS ACTUACIÓNS

Son numerosísimos os textos nos que Fr. Martín escribe en masculino e en feminino, caso ben excepcional no século XVIII, práctica que aínda hoxe segue despertando polémicas, malia a súa crecente asunción por parte das institucións. Tamén analiza, repetidamente, como van afectar especificamente ás mulleres, determinadas actuacións como a instalación de "fábricas" ou a comercialización destes ou daqueloutros produtos. **Diríamos, en linguaxe actual, que o noso erudito utiliza o xénero como categoría de análise:**

Falando da posible elaboración dunha Historia Natural, na que ademais do equipo especializado, hai que contar con diversos colectivos, Sarmiento divide ás persoas que habitan en España en "clases" nas que se poden incluír todos los individuos, de tal maneira que cada unha delas dea noticia do conxunto de vexetais que lle corresponda. Estas "clases" van desde o Rey ata os Yndianos, pasando polos Medicos, Chimicos, etc. Non esquece, Fr. Martín, ás Mulleres:

"Y siendo cierto que las Mugeres podran concurrir mucho, suponganse comprendidas en cada una de las clases respectiva Substituyendo Amas, Criadas, Sobrinas etc. para los Eclesiasticos, quando las huviese".^{xx}

Arremete contra os que pretender explotar ás galegas, que tecen o lenzo, actividade exclusivamente feminina:

"¿Que necesidad tiene una Gallega para hilar, y texer un par de telas, y venderlas á quien quisiere de que se levante una compañía de Avarientos ociosos, que hayan de comer, y triunfar á costa del trabajo, y sudor de las Gallegas?. Digo de las Gallegas, pues solo ellas tienen la manipulacion del lino desde que siembran la Linaza hasta que se ponen una Camisa".^{xxi}

A preocupación polo benestar das mulleres e o recoñecemento dos seus traballos

Citando ó P. Du Halde, xesuíta, fala da invención da seda en China, obra da emperatriz Salino-Juen-Fei, muller do Emperador Hoang-ti. Indica o noso frade que xa as mulleres teñen ó seu coidado a fabricación do liño e a crianza das galiñas e doutros animais:

"Y estan los Chinos en que el exercicio de las Emperatrices, y de todas sus Damas era la fabrica de la seda teniendo á mano un grande plantio de Moreras, ó Morales.

"Reflexiona el P. Du Halde...lo primero para exercitar a las Princesas, y Señoras de Calidad y en general a todo el Pueblo a la Crianza de los Gusanos de seda. Los xesuitas son que en muchas y grandes Provincias apenas hay casa en donde no haya fabrica de seda y plantio de algunos morales".^{xxii}

Segue disertando, Sarmiento, acerca do beneficioso que sería o cultivo da seda e engade:

"Y la circunstancia de haberlos introducido [los gusanos] dos Monges me hace creer, que los Primitivos Monges Orientales tenian por labor de manos la fabrica de la Seda, como ya hoy la tienen en el Levante. A la verdad es el exercicio mas propio para gente retirada en los Despoblados sean Monges o Monjas. Y para las Mugerres que en los Poblados viven con alguna reclusion. Es verdad, que como las mugeres Orientales viven con tanta reclusion, que es increíble en Europa: aquellas son mas propias para el asunto.

"Digo mas propias(s), no mas habiles, pues sobre habilidades les sobran a las Mugerres españolas para el trabajo de criar los gusanos de la Seda y no falta tiempo á las que por no salir al Campo viven retiradas en sus Casas. Asi digo, que seria muy util al Publico, que las Señoras; las Monjas, y los Monges se dedicasen a aquel trabajo, en el qual se podran interesar mucho, y honestisimamente...

"Y que se yo si la costumbre de que las Mugerres empollen los huebecitos de las Palomillas de la Seda, y que los hagan revivir a sus Pechos, vino de que en el primitivo Pays de la seda eran las Mugerres las depositarias de esta manufactura?.

"He sospechado, si el grande Imbentor del Papillotismo que Galileo! Que Torricelo! Que Nepero! Que Guerike! Que Newton! ¿que Leibnitz? seria el Picaronazo para utilidad del Publico!"^{xxiii}

Insiste na súa condena ós monopolios ou "monipodios", insistindo na utilidade do traballo das mulleres e propoñendo a fabricación da seda, para o seu benestar:

"Digo esto porque mi Pensamiento es que todo genero de Mugeres se dedique a ese tan util exercicio. Claro está que una sola Madre de familias no podrá promover grande cria de Gusanos.

"No me opongo á que algunos juntando caudales se unan para criar muchos Gusanos de seda, teniendo mucho territorio para Moreras; en ese caso no alcanzan los Pechos de las Mugeres para hacer revivir tanta infinidad de huevecitos. Y asi se han de hacer revivir con el Sol con estiercol o con el calor del fuego de brasa graduado(s) segun algun termometro curioso".^{xxiv}

"Es infinito el numero de mugeres que ay en Galicia. Sucede, que muerto el marido, que comia de algun vitalicio empleo, queda la pobre Viuda con 5 o 6 (s,s) hijas, sin tener con que alimentarlas. Y es la razon porque no vivian de trabajar en el campo; ni lo que todas podran trabajar en Casa, les alcanza para Sal, soy testigo de que gente muy onrada, y Virtuosa padeze muchas miserias; aun trabajando de Rueca(s); de Aguja(s); y de Palillo(s) todo el dia...la viuda cargada de hijas en Madrid tiene muchos arbitrios para solicitar limosnas y socorros. No asi las Viudas de Galicia, que ni tienen rentas, ni heredades; ni tampoco viven entre gentes, que las puedan aliviar de sus miserias.

"Tengo calculado, que el util que se saca de una dozena(s) de Moreras(s,s), es suficiente para que una Muger, se alimente con decencia todo un año." ^{xxv}

7.4.8. APREZO E CONSIDERACIÓN DOS TRABALLOS DAS MULLERES:

Desvela, Sarmiento, a procedencia de moitos coñecementos e inventos debidos ás mulleres. Esta é, actualmente, unha das liñas de investigación dos estudos sobre Ciencia e Xénero, concretada en recoller as aportacións que desde o traballo doméstico ou das actividades artesanais, tradicionalmente en mans de mulleres, estas fixeron ás ciencias e ás técnicas^{xxvi}. **Seleccionamos os referidos á seda, o xabrón e o coñecemento das plantas**, sen afán de exhaustividade.

Son diversos os textos, nos que Fr. Martín atribúe o invento da seda ás mulleres, na China.

Neste texto volve a insistir en proba do que afirma:

"...pone el mismo Du Halde una grandisima lamina con 14 Maquinas para la Manipulacion de la Seda hasta la del telar. Y reparo que en todas estan solo Mugeres como operatrices, excepto una en que están dos Hombres pesando los Capullos.

" Habiendo inventado la seda las Señoras de la China, no es despropósito que yo proponga a las Señoras de España, y en especial a las de Galicia el ejercicio de la crianza de los Gusanos. A las Señoras Casadas para diversion y no poco util. Y á las viudas retiradas con sus Hijas solteras para tener un honestisimo lucro con que puedan vivir y alimentarse, si no tienen renta, ó pension". ^{xxvii}

Nin más nin menos que precursoras do sistema sexual de Linneo:

"...Tampoco crea Alston(s), que es invencion nueva, el juntar macho(s), y Hembra(s) en los Pistachos(s). esa mezcla no la hazen los Systemistas Modernos; sino las mugeres, ó viejas de Sicilia, como dice el P. Boconi. Testigo y Doctisimo(s,s) en estas materias. En el nº (130) cité una tradicion antiquisima derivada de un rustico Hortelano(s,s) Oriental(s), el qual informó á un Escritor Arabe(s), bien Antigo(s) que el Pistacho(s) era invento del Lentisco(s), en el Terebinto(s). Y sospechoahora, sí el Pistacho(s), será 3ª. Especie ó Hybrida?". ^{xxviii}

Coñecemento que as mulleres posden do xabrón e das herbas saponarias:

"Mr. Geofroy dize de las virtudes y de los usos del Helecho(s). Supone que de sus sales se haze vidrio. Y esta el Yngles Mr Ray, para firmar que las Labanderas de Ynglaterra queman los dos Helechos Macho y Hembra, y que despues haciendo unas bolas de la masa, que con un poco de agua hazen con las cencizas, usan de estas bolas secadas al Sol, como si fueran de xabon, para limpiar y blanquear la ropa de lienzo". ^{xxix}

A participación en traballos rendibles:

"Esas Conchitas, ó Caracolillos, se llaman Bolis, y Koris... Es infinito el numero de las que se cogen en las Yslas Maldivas... Es solo egercicio de las Mugeres. Salen... cada año, de 30, 40 Barcos... Y los Holandeses cargan con muchas para llevarlas á Africa, y hazer alli su comercio". ^{xxx}

Exemplo de mulleres laboriosas e homes guerreiros e agresivos, práctica esta última que Fr. Martín repudia:

"Todo el Capitulo 3º del Libro 44 [compendio da obra de Trogo Pomeyo, feito por Justino] trata de los Gallegos, sin acordarse de Celtiveria. Dize que son de origen Griego. Que el Pais abunda de Oro, Cobre, Plomo, Minio etc. Que alli ay Monte de Oro. Que las Mugerres trabajan las tierras, y que los hombres solo se dán á las Armas, y Latrocinio".^{xxx1}

A posibilidade de que os homes fagan traballos considerados femininos, queda plasmada neste texto do século XVIII. Seguramente, aínda hoxe resultaría chocante:

" He visto hacia Curcuvion [Corcubión] á Hombres que estaban á las puertas de la calle haciendo encaxes en su Almoadilla, y palillando, como si fuesen Mugerres. Extrañé la novedad, pero no me reí de ella, sabiendo que el Hombre, y la Muger no son dos Gremios con exclusiva reciproca de oficios".^{xxxii}

7.4.9. SOBRE A EDUCACIÓN CIENTÍFICA DE MULLERES E DE VARÓNS

Non atoparemos en Fr. Martín unha formulación explícita sobre a educación das mulleres. Nos seus escritos sobre a *Educación de la Juventud*, fala case sempre en masculino, e non parece que se refira a unha educación específica para as mulleres, nin tampouco está claro que as inclúa na aprendizaxe das artes-técnicas. Sen embargo, no terreo das declaracións, si encontramos as súas ideas dunha mesma educación científica para os dous sexos. Preséntasenos a mesma dúbida que apuntabamos perante a obra de D^a Josefa Amar e Borbón: ¿non se atreveu a ir máis aló?. Ata este momento non temos a resposta.

A mesma educación científica:

"Pero la Araña, hila, teixe, y dibuxa, y como que Geometriza. Teniendo yo presente esto, y el modo, como las Muchachas, hacen sus encaxes con la sola combinación de unos hilos, y que en algun modo Geometrizan, hé pensado yó, que á las mismas Muchachas y á los Muchachos, se les podrá explicar los Elementos de la Geometria, con solo un largo hilo, y con Alfileres, para que clabados formen todo genero de angulos rectilineos.

"Y tomo por asumpto manifestar, lo mucho, que en la Mathematica, se puede explicar, con el solo manejo de un hilo, y algunos alfileres; como las Niñas hacen los encaxes."^{xxxiii}

"...pero por lo mismo de ser Muchachos ó Muchachas de pronta fantasia de feliz memoria innata curiosidad á saber, se deben tener muy presentes para irles enseñando y comunicando los Nombres y observaciones de los Vegetables para perpetuar las noticias de una viva tradicion sucesiva".^{xxxiv}

7.5. CONCLUSIONES

O primeiro que queremos salientar é que o pensamento que defende Fr. Martín Sarmiento, non está, nin de lonxe, asumido nas ideas ilustradas, se ben a contradicción flagrante entre a igualdade que o Século das Luces di defender e a exclusión das mulleres desa igualdade, na racionalidade, potenciará, paradoxicamente, que xurdan posicións na súa defensa que, como xa comprobamos, eran minoritarias.

Fr. Martín será coherente con esa defensa da igualdade dos seres humanos, defendendo a racionalidade das mulleres e a dos grupos marxidados, ós que a ciencia oficial menosprecia. Así defenderá ás mulleres, ás "viejas", ós pobres, ós "bárbaros", ós "rústicos", pero non desde unha posición paternalista e retórica, senón tomando en consideración os seus saberes, adquiridos por experiencia e tradición. Para Sarmiento, a proximidade ó estado de natureza é unha garantía de non contaminación fronte ós que se

erixen en Racionales con maiúscula; nesta consideración alónxase da misoxinia de Rousseau e de tantos outros pensadores "modernos".

Non participa do discurso da filosofía nin da ciencia no referente ás mulleres, afirmando a súa racionalidade e a súa igualdade cos varóns nas aptitudes intelectuais. Na mesma liña non aceptará as dicotomías filosóficas en materia de xénero, combatendo os estereotipos da muller malvada, necia, débil ou ignorante.

Non terá reparos, o noso frade, en citar como argumentos de autoridade a mulleres eruditas, sen o máis mínimo asomo de desconsideración. Coñece as obras de mulleres eruditas antigas e contemporáneas, saca á luz as contribucións científicas de descoñecidas nese eido, como as de Sor Juana Inés de la Cruz, así como o saber das monxas boticarias. Tamén utiliza as escasas obras escritas en defensa das mulleres e sobre historia das filósofas. Aínda hoxe, despois dunha exhaustiva consulta de bibliografía especializada, non conseguimos localizar algunha das mulleres eruditas que cita o noso sabio.

O seu pensamento ten bastantes semellanzas co do filósofo cartesiano Poulain de la Barre, a quen non sabemos se coñecía porque non figura na súa biblioteca. En calquer caso, podemos afirmar que a maioría dos textos, escritos no século XVIII, en defensa das mulleres, quedan moi por detrás dos do noso beneditino e dos do filósofo cartesiano do XVII.

Fr. Martín Sarmiento combaterá o que hoxe chamaríamos o determinismo bioloxicista, coincidindo coas actuais correntes ambientalistas, opoñéndose ós estereotipos sobre as aptitudes físicas e psicolóxicas das mulleres, afirmando que "si las educaciones se trocasen serían los hombres mugeriles y las mujeres varoniles..." e que de homes "tímidos, mentecatos y viciosos, hay abundancia para contraponer a mujeres débiles, ignorantes y malas".

Pero avanzará máis, o noso frade, chegando a defender ás bruxas-sandadoras, polos seus coñecementos de herbas e medicina natural, explicando que máis sabían as mulleres, por experiencia e tradición, das enfermidades de mulleres que os galenistas coas súas sangrías, sambesugas e siloxismos. Fr. Martín non condena ás bruxas, antes ben, aprende delas e tenta xustificar e desmitificar as súas prácticas.

Consecuentemente co seu discurso de aprecio do propio e fomento da autoestima, Fr. Martín denunciará a interiorización da desigualdade que sofren as mulleres, que lles impide ou dificulta saír da situación de marxinação na que están relegadas.

Con todo, a cuestión que nos parece máis novedosa, é a utilización do *xénero* como categoría de análise, é dicir, examinar acontecementos da vida social e adiantos da ciencia, desde o punto de vista da súa repercusión para as mulleres. Chega a afirmar que son elas mesmas as que deben escribir os tratados de moral para as mulleres, xa que os homes levan escribindo desde sempre o que elas deben facer.

O insigne beneditino fará visibles ás mulleres na linguaxe dos seus escritos, mediante a utilización, aínda hoxe polémica, do feminino e do masculino, recoñecendo a utilidade dos seus traballos e as súas aportacións ás ciencias e ás técnicas. Achamos múltiples exemplos nos que se refire a este tema, como a fabricación da seda, do xabón, o coñecemento de plantas medicinais, chegando a consideralas precursoras do sistema sexual de Linneo.

Aínda que algunhas veces fala da educación de "muchachos y muchachas" e do que se lles debe ensinar, non poidemos encontrar na súa obra, un programa de educación para as mulleres, nin tampouco está claro que as inclúa nas propostas para a aprendizaxe das ciencias e das técnicas. Non nos parece unha posición estraña xa que as propias mulleres ilustradas e avanzadas, como D^a Josefa Amar y Borbón, defenderán tímidísimas reformas no terreo concreto da educación das mulleres. ¿Non se atreveu Fr. Martín a ir máis aló?. Ata o momento non temos a resposta.

Sería precisa unha investigación máis cualificada que a nosa, neste eido, para unha elaboración máis pormenorizada deste aspecto. Pola nosa parte, concluiremos salientando a grande modernidade do pensamento de Fr. Martín e a súa inequívoca posición a favor da igualdade, fronte ás sátiras, burlas e, mesmo, fronte ó discurso filosóficos, científico e médico, dominante no século no que lle tocou vivir. As melloras na educación e a admisión de mulleres nas institucións ilustradas foron posteriores á súa vida e escritos.

ⁱⁱ POULAIN DE LA BARRE, François, *De l'Excellence des hommes*, 1675. Citado por Celia Amorós en *De la Educación de las Damas*, p. 19.

-
- iii CONDORCET, Marqués de, *Cartas de un burgués de Newhaven a un ciudadano de Virginia (1787); Acerca de la Instrucción Pública (1790); Sobre la admisión de las mujeres al derecho de ciudadanía (1790); Esbozo de un cuadro histórico de los progresos del espíritu humano (1793)*, Escritos reproducidos en *La Ilustración olvidada. La polémica de los sexos en el siglo XVIII*, Anthropos, Madrid, 1993.
- iv WILSON, E. O., *Sociobiología: La nueva síntesis*, Ed. en castellano, Omega, Barcelona, 1980.
- v LEWONTIN, R. C.; ROSE, Steven; KAMIN, Leon, J., *No está en los genes. Racismo, genética e ideología*, Ed. en castellano, Ed. Crítica, Barcelona, 1987.
- vi WILSON, E. O. "Human Decency Is Animal", *New York Times Magazine*, 12 (octubre de 1975), pp. 38-50.
- vii SARMIENTO, Fr. Martín, *Defensa de las Mugerres. Demonstración Crítico...*, o.c., p. 198 e 199.
- viii SARMIENTO, Fr. Martín, *Defensa de las Mugerres. Demonstración Crítico...*, o.c., p. 206/par. 367.
- ix EHRENREICH, Barbara & ENGLISH, Deirdre, Ed. castellano: *Brujas, Comadronas y Enfermeras. Historia de las sanadoras*, Ed. laSal, Barcelona, 1988.
- x ESCOHOTADO, A., *Las drogas. De los orígenes a la prohibición*, Alianza Editorial, Madrid, 1994.
- xi FONT QUER, P., *Plantas medicinales. El Dioscórides renovado*, Ed. Labor, 1993.
- xii GÓMEZ FERNÁNDEZ, José Ramón, *Plantas mágicas*, Red Quercus, Servicios Informativos Ambientales, 1997.
- GÓMEZ FERNÁNDEZ, José Ramón, *La toxicidad de las plantas ornamentales*, 1996 (inédito).
- xiii SARMIENTO, Fr. Martín, Vol X, Col. Dávila, o.c.. fol. 37.
- xiv SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 2º de la *Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 540.
- xv SARMIENTO, Fr. Martín, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema de Botánica y una Historia de sus vegetables...*, o.c., fol. 15; o.c., fol. 11.
- xvi SARMIENTO, Fr. Martín, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema de Botánica y una Historia de sus vegetables...*, o.c., fol. 15; o.c., fol. 11.
- xvii SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 31 de la *Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 345.
- xviii SARMIENTO, Fr. Martín (18-VII-1759). *Carta a su hermano Javier: Sobre la "carqueixa", el "bidueiro", la "saxifragia" y otras plantas. Biblioteca Universidade de Santiago.*
- xix *Carta de Fr. Martín Sarmiento al Excmo. Duque de Medina Sidonia (9-VIII-1758), Sobre la enfermedad de la reina y la ignorancia de los médicos.*

Vid. BERRIOT, E., "El discurso de la medicina y de la ciencia" en *Historia de las mujeres. Del Renacimiento a la Edad Moderna*, Arlette Fargue (coord.), Madrid, Taurus, 1992.

-
- xx SARMIENTO, Fr. Martín, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema de Botánica y una Historia de sus vegetables...*, o.c., fol. 15; o.c., fol. 11.
- xxi SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. 1º de la Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 554.
- xxii SARMIENTO, Fr. Martín, *Pensamientos Crítico-Botánicos...*, o.c., fol. 109; o.c., fol. 352.
- xxiii SARMIENTO, Fr. Martín, *Pensamientos Crítico-Botánicos...*, o.c., fol. 105-109; o.c., fol. 352-360.
- xxiv SARMIENTO, Fr. Martín, *Pensamientos Crítico-Botánicos...*, o.c., fol. 109; o.c., fol. 360.
- xxv SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. XI, Col. Dávila*, o.c., fol. 140.
- xxvi A. LIRES, Mari et al., *Materiales Curriculares para la Enseñanza de las Ciencias en la Educación Secundaria Obligatoria*, Consejería de Educación de Andalucía, Sevilla, 1995.
- xxvii SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. 1º de la Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 480.
- xxviii SARMIENTO, Fr. Martín, *Sobre el vegetable llamado Seyxebra*, o.c., fol. 113.
- xxix SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. XI, Col. Dávila*, o.c., fol. 109.
- xxx SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. 3º de la Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 39.
- xxxi SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. 3º 1 de la Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 27.
- xxxii SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. 3º de la Obra de 660 Pliegos*, o.c., fol. 559.
- xxxiii SARMIENTO, Fr. Martín, *Correspondencia Literaria de Varias Cartas escritas al Excmo. Señor Duque de Medina Sidonia. Por el Rmo. P. Maestro Fr. Martín Sarmiento Monge Benedictino en su Monasterio de S. Martín de Madrid. Año de 1752 hasta 1770. (7 de setembro de 1765)*, Ms., B.N.
- xxxiv SARMIENTO, Fr. Martín, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema...*, o.c., fol. 15; o.c., fol. 11.